



NOTA DE PRENSA: SÁBADO 29/03/08 ÁS 17H, ACTO INFORMATIVO E ASEMBLEA CONVOCADA POLOS VECIÑOS AFECTADOS DA CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA NA CASA DA CULTURA DE SANTA LUCÍA DE MORAÑA ( Rúa 3, nº 13, parroquia de Saiáns)

O Vindeiro Sábado 29 terá lugar un acto informativo e una asemblea sobre a **CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA E SAÚDE** na Casa da Cultura de Santa Lucía de Moraña (as 17h) para informar aos veciños e decidir que medidas a tomar.

- O acto contará con **dous relatores procedentes do movemento ecoloxista e do veciñal**:

**Julio Carmona** (vocal da xunta directiva da *Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra* e coordinador da campaña "Polo uso racional da telefonía móbil") e **Fina Manso** ("coordinadora de electrocontaminación" da *Federación de Asociacións de Veciños Roi Xordo de Ferrol*)

- O acto terá 4 partes:

- Unha 1ª, a cargo de Julio Carmona, dedicada a informar e debater sobre a **situación actual da contaminación electromagnética** (antenas de telefonía móbil, transformadores, alta tensión, ...) nos medios, a nivel científico e a nivel legal.

- Unha 2ª, a cargo de Fina Manso, dedicada a informar e debater sobre a **acumulación de patoloxías o cluster nas zonas afectadas por contaminación electromagnética** (como o identificado polos veciños de Santa Lucía) e os diferentes estudos epidemiolóxicos que recollen a maior incidencia de tumores e outras patoloxías.

- Unha 3ª, para informar:

- Da **ilegalidade actual das antenas base de telefonía móbil e o transformador** (sitios en Santa Lucía).

- Dos **datos recibidos da Dirección Xeral de Saúde Pública** a petición dos veciños de Santa Lucía pola acumulación de cancros (que seguen en aumento) e outras patoloxías, asemade a contestación que se enviará a dita Dirección Xeral.

- **Unha 4ª, que a modo de ASEMBLEA de veciños afectados de Santa Lucía de Moraña, se exporán as medidas a tomar** ante o recoñecemento da ilegalidade actual das antenas e o transformador, e ante a dolorosa evidencia de acumulación de casos, que segue en aumento como os dous novos casos de cancro no CPI de Santa Lucía que se suman aos 4 casos xa detectados en devandito centro de ensino.